

OS TEUS DEREITOS E DEBERES NO USO DE VMP EN VIGO



ORDENANZA



Vehículo de Movilidad personal (VMP): Vehículo dunha ou máis rodas, dotado dunha única praza e propulsado por motores eléctricos que poden proporcionarlle **ao vehículo** unha velocidade máxima de entre 6 e 25 km/h e unha tensión de traballo inferior aos 100 VCC ou 240 VAC. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de autoequilibrado.*

RD 970/2020 (art. 2.6.d)

DEREITOS

// DA PERSOA USUARIA

→ **Prenda / Elemento reflector.** En Vigo debe usarse prenda **OU** elemento reflector. Vigo VMP recomenda máxima visibilidade sempre que sexa posible.

ORDENANZA (art. 6.1)

→ **Proteccións de seguridade.** Excepto o casco, non é obrigatorio levalas. Vigo VMP recomenda o seu uso en calzada.

→ **Respecto.** As Forzas e Corpos de Seguridade (FFCCS) deben tratar con respecto e atención aos/as usuarias de VMP.

RDL 5/2015 (art. 52-54)

→ **Retirada do VMP.** Aplicando os art.15 da ordenanza e 104-105 da LSV, as FFCCS non poden retirar o VMP, agás que se altere a circulación gravemente, para facer probas periciais (LECRIM, art. 764.4) ou cando legalmente se estableza polos axentes que o vehículo non ten consideración de VMP (2019/S149 TV-108, art. 6.2.b).

→ **Certificado de circulación.** A persoa usuaria non ten que levar o dito certificado porque aínda non existe. Non é obrigatorio ata, como mínimo, 2024.

BOE (A-2022-987)

// DO VMP

→ **Potencia.** Non existe unha limitación de potencia en vigor. Só de velocidade.

RD 970/2020 (art. 2.6.d)

→ **Velocidade.** Só son válidas as medicións de velocidade cun aparello homologado (radares, roletes...) ou velocímetro do vehículo patrulla durante un tempo.

2019/S-149 TV-108 (art. 5)

→ **Velocímetro / Timbre.** Só son obrigatorios en caso de ter un por construción. Poñer a roda no aire e usar o velocímetro do VMP para determinar a súa velocidade máxima non é un método válido.

→ **Mandos.** As FFCCS non deberían poder accionar os mandos do VMP sen o permiso da persoa usuaria.

→ **Documentación.** Só é obrigatorio levar seguro de RC e DNI. Recomendamos levar, ademais, certificado do fabricante ou de limitación, manual e ordenanza municipal.

→ **Carris-bus, carris-bici e calzada.** Salvo nas vías prohibidas, poden usarse indistintamente.

ORDENANZA (art. 7.1)

* Exclúese desta definición os vehículos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e aqueles incluídos dentro do ámbito do Regulamento UE nº168/2013.




ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOVILIDADE PERSOAL DE VIGO

Máis información: www.vigovmp.org

OS TEUS DEREITOS E DEBERES NO USO DE VMP EN VIGO



ASÓCIATE!



DEBERES

// DA PERSOA USUARIA

- ➔ **- Ter seguro de RC.** Hai que ter un seguro de Responsabilidade Civil, sen importe mínimo (multa de 200 a 500€).
- ➔ **- Ser visible e previsible.** Debe usarse sempre: casco homologado, prendas ou elementos reflectores e luces acendidas (multas de 100 a 200€).
- ➔ **- Respectar.** Trata con respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade (FFCCS) e colabora con elas dentro das peticións suxeitas a dereito. Respecta tamén o resto de persoas condutoras e viandantes.
- ➔ **- Circular con precaución.** As persoas usuarias de VMP deben manter distancias de seguridade de 1,5m con peóns, circular polo centro do carril dereito das vías, contar con sistema de freado, facer uso unipersonal do VMP, ir desmontado cando se cruzan pasos de peóns, ter máis de 15 anos e cumprir as normas de circulación. Non se pode circular pola beirarrúa, portando obxectos ou animais que sobresaian do espazo do VMP, en paralelo con outro VMP, manipular o móbil ou usar auriculares cando se conduce, conducir tras a inxesta de alcohol, drogas..., nin circular con temeridade (multas ata 500€).

ORDENANZA (art. 9.)

ORDENANZA (art. 6.1 e 6.1.4)

ORDENANZA (art. 6)

// DO VMP

- ➔ **- Velocidades permitidas.** Debe circularse dentro dos límites máximos indicados para cada unha das vías permitidas: 10 km/h (espazos de convivencia co peón como zonas vellas, beirarrúas-bici ou zonas residenciais); 20 km/h (resto de sendas e vías ciclables agás ciclo-carril); e 25 km/h (ciclo-carril, zonas 30, carris-bus e calzada). Multas de ata 500€.
- ➔ **- Estacionamentos permitidos para VMP.** Os VMP poden estacionarse nos espazos destinados a eles e nos aparcamentos de bicicletas. Se non hai ningún a 50 m, tamén se pode aparcar na beirarrúa, en paralelo, a un mínimo de 50 cm do bordo, sen obstaculizar o paso de peóns.
- ➔ **- Estacionamentos prohibidos.** Os VMP non poden ser ancorados a elementos públicos urbanos (alumeado, sinalización, bancos, marquesiñas, vexetación...). Multas ata 100€.
- ➔ **- Vías prohibidas.** Non se permite circular por Gran Vía (entre Venezuela e Pza. América), Avda. De Madrid (carris centrais), e as avenidas Castela, Beiramar, Clara Campoamor, Arquitecto Palacios e Citröen.
- ➔ **- Límites de circulación por tipo de VMP.** Os VMP de máis de 2 rodas só poden ir pola calzada e os que non teñan guiador non poderán compartir espazo con vehículos a motor agás cascos vellos, zonas residenciais... (*existen moitas incongruencias na aplicación deste artigo*).

ORDENANZA (art. 7.c)

ORDENANZA (art. 8.1 e 8.2)

ORDENANZA (art. 8.3)

ORDENANZA (ANEXO I)

ORDENANZA (art. 2.6 e ANEXO I)



ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOVILIDADE PERSOAL DE VIGO

O noso obxectivo é a defensa das persoas usuarias de VMP na cidade de Vigo, así como accións informativas, culturais e sociais.

TENDAS SOCIAS:

BGOELECTRIC - Rúa Tarragona, 8 (bgoelectric.com).

JAVAMBA - Avda. Camelias, 2 (javamba.es).

EKOLOGIK - Avda. Camelias, 70 (ekologik.es).

ASÓCIATE!
Só 10 euros ao ano!